

MEMORIA

Lugar e data. O obradoiro literario impartíno no I.E.S. Rodeira de Cangas os días 11, 17, 20, 23 e 27 de abril de 2007, a razón de dúas horas diarias. Na actividade estiveron inscritos 25 alumnos e alumnas de ESO e mais de 1º de Bacharelato do mencionado instituto, que asistiron regularmente ás sesións.

Contido do obradoiro. A materia sobre a que versaba o obradoiro era a técnica narrativa. Ao longo das diferentes sesións da actividade expliqueille aos alumnos os principios e técnicas fundamentais da narración literaria: O talento como froito do traballo, a orixe das historias, as diferencias entre o conto e a novela, o narrador e o punto de vista narrativo, o estilo, a construción do personaxe, a estrutura e o fío condutor, o nivel de información e o tempo do relato, os tópicos literarios, etc. As explicacións teóricas illustreinas con exemplos de obras literarias nas que os alumnos puidesen aprezoar como funcionaba a técnica que lles acababa de explicar no plano teórico. Neste senso, linlles diferentes fragmentos da obra de autores galegos clásicos e modernos (Cunqueiro, Blanco Amor, Manolo Rivas, etc) e a continuación analiceí brevemente eses textos, para dilucidarlles o funcionamento das diferentes técnicas. Nas sesións do obradoiro propúxenlles igualmente varios exercicios da escrita para que practicasen as ensinanzas teóricas que lles ía impartindo. Fundamentalmente, tratei de que escribisen na clase algún breve relato conforme a pautas que eu lles establecía a priori. Os resultados, que lemos unha vez rematados, resultaron ben interesantes nalgúns casos.

Obxectivo do obradoiro. O que me propuxen foi que os alumnos/as se familiarizasen coa actividade literaria na súa dobre e complementaria vertente da lectura e da escrita. En canto á lectura, ademais de recomendarlles ler moita literatura como condición indispensable para escribir ben, intentei aprenderlles a gozar dos textos, estraendo deles todo o seu sabor literario. Verbo da escrita pretendín que perdesen o medo a escribir, utilizando as diferentes técnicas que lles expliqueí no obradoiro. Para orientalos nesa actividade permitínme darlles unha especie de decálogo do aprendiz de narrador. Un decálogo persoal no que se conteñen certas normas básicas, ao meu entender, para afrontar a actividade de escribir narracións con sentido literario: ter paixón pola literatura, ler moito, escribir sobre temas que un domine, evitar os tópicos, prestar a máxima atención aos detalles significativos

da historia, buscar o ritmo da prosa, ser moi esixente cos propios escritos, procurar a verosimilitude do relato, etc.